

Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2019-2020

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2019, que tivo lugar o 9 de marzo en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as [liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2019-2020](#).

O plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade, mais si se levaron a cabo as actividades máis urxentes e necesarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, LGx15, Agasallo etc.). Tamén se finalizou o **Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística**, que está pendente de ser editado e publicado no web, e iniciouse un novo proxecto, os **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego**, cunha primeira convocatoria que tivo unha boa participación e serviu para **recoñecer e difundir seis proxectos de normalización lingüística**.

Así e todo, si houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes** de levarse a cabo no ano 2019: a elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, ou a redacción dunha proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. **Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron nesta área foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística ou similares que se publicaron durante o ano, así como as **convocatorias de subvencións** para a creación de SNL.
- Fixéronse **solicitudes e denuncias** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua e, en xeral, o traballo a prol da lingua desde as administracións:
 - Xaneiro de 2020: [solicitouse ao Concello de Arteixo a cobertura do posto de TNL](#), logo da xubilación da titular da praza. Posteriormente, o concello anunciou unha modificación da súa relación de postos de traballo que supuña a extinción da praza; e a CTNL presentou [alegacións](#) en contra desta modificación. Aínda non recibimos resposta do concello.
 - Febreiro de 2020: [ao Concello de Carballo tamén se lle solicitou a cobertura da praza de TNL](#), pois está vacante desde hai ano e medio. Neste caso non parece que haxa intención de eliminar a praza, pois está na oferta pública de emprego de 2019, mais a cobertura definitiva está a dilatarse moito no tempo, co prexuízo que supón para os proxectos que desenvolvía e nos que colaboraba este concello. Tampouco recibimos aínda resposta.
 - Febreiro de 2020: [solicitouse ao Concello de Ferrol o reforzo do SNL e suxeríuselle aproveitar as axudas da Deputación Provincial da Coruña](#) con este fin, pois é a única cidade da provincia que conta só cunha técnica.
- Fíxose **seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais e a Xunta en materia de normalización lingüística**, mais infelizmente hai que salientar que **durante este ano non se creou ningún SNL**, nin sequera temporal, ao abeiro destas convocatorias.



En **setembro de 2019** mantívose unha **xuntanza con María Ortega, responsable da área de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos da Deputación Provincial de Pontevedra**. Expúxoselle a nula capacidade para a creación de SNL da liña de axudas da Deputación de Pontevedra durante os catro anos anteriores, pois só se creou de forma moi inestable o de Nigrán, que volve a estar sen actividade. Tamén se lle aclarou que o requisito de aprobar unha ordenanza para os concellos que queren acollerse ás axudas para actividades (sen SNL) ten como consecuencia que a provincia de Pontevedra conte agora con moitas máis ordenanzas (40 na actualidade, das cales 23 se aprobaron nos últimos dous anos); pero na maioría das aprobadas nestes dous últimos anos nin se menciona a posibilidade de contar cun servizo técnico (14).

A deputada prometeu estudar outro tipo de liñas de axudas, principalmente as da Deputación Provincial da Coruña, para buscar unha solución ao problema; e comunicou a intención de crear na propia Deputación un Servizo de Normalización Lingüística para executar mellor a liña de axudas e outras actividades.

- En marzo dirixiuse unha [proposta ás forzas políticas que se presentaban ás eleccións municipais](#), onde se lles solicitaba que se incluíse nos programas marco e nos programas específicos o compromiso de traballar a prol da normalización lingüística con departamentos técnicos estables, dotados de recursos humanos e partida orzamentaria suficientes, alén de fomentar a colaboración entre institucións para desenvolver campañas máis ambiciosas e optimizar recursos e estudar a incorporación á Asociación de Entidades Locais pola Lingua.

Como consecuencia deste envío tivemos algunhas respostas por correo electrónico agradecendo a proposta e reunións presenciais con varias forzas políticas, onde lles explicamos en persoa os detalles e as informamos da situación dos servizos de normalización lingüística e doutros aspectos coma a centralización de servizos. Reunímonos co Bloque Nacionalista Galego (con representantes das candidaturas de Santiago de Compostela e Pontevedra), con En Marea Pontevedra e con Anova. Tamén se intentou cos candidatos de Compromiso por Galicia das cidades de Lugo e Pontevedra, pero non se chegou a marcar unha data.



Por outra parte, tamén asistimos, xunto con outras asociacións, a unha xuntanza co candidato ao Congreso dos Deputados pola provincia da Coruña convocada polo BNG, anterior ás eleccións de abril. Nela tratouse o programa que levaba o BNG ás eleccións estatais e volveuse a comentar a realidade da [recentralización de servizos](#), especialmente a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

- Finalizouse o **manual de procesos selectivos para persoal técnico de normalización lingüística**. Este documento inclúe os contidos e características que deben ter as convocatorias, recomendacións, unha proposta de bases xerais, resolución de dúbidas etc. A redacción deste traballo é responsabilidade de Marcos Almeida Cerredá, profesor de Dereito Administrativo da USC, e Andrea Garrido, tamén profesora contratada doutora da USC especialista en emprego público. Na actualidade o documento está pendente de ser editado en pdf e posto á disposición de calquera persoa interesada no web da CTNL.
- No ano 2018 iniciouse un grupo de traballo para elaborar unha **proposta de temario actualizada para procesos selectivos de técnico/a de normalización lingüística**, o máis axustado posible ás funcións dos SNL e ás tarefas que se deben desenvolver. Non se avanzou no traballo en 2019 pero procurará retomarse en 2020, pois sería un bo complemento para o manual de procesos selectivos.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Dado que **en febreiro e marzo de 2019 tivo lugar o último curso organizado pola CTNL**, durante o resto do ano 2019 a CTNL non organizou ningunha outra actividade formativa. Si se difundiron no web, nos boletíns e nas redes sociais actividades formativas de interese para TNL organizadas por outras entidades.

En relación co último curso da CTNL, o [Curso sobre avaliación de competencias lingüísticas para técnicos/as de normalización lingüística](#), parte do material empregado polo docente, Manuel Núñez Singala, está [dispoñible para descarga no noso web](#).

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaborouse cos [XXI Encontros para a normalización lingüística. Divulgación científica en Galicia: cal é o peso \(atómico\) do galego?](#)
 - Lugar e datas: Biblioteca de Galicia, Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, 4 e 5 de abril de 2019
 - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
 - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística

TRANSMISIÓNS DE IDEAS E ACCIÓNS DE FOMENTO DO GALEGO

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua** (<https://lgx15.gal/>)

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

O **9 de novembro de 2019** tivo lugar a **quinta edición** do [LGx15. Ideas para o futuro da lingua](#), o proxecto creado en 2015 co fin de compilar e difundir ideas, reflexións e experiencias que poden influír nas actitudes e na conciencia lingüística e no futuro do galego.

Neste quinto ano, coma no anterior, solicitouse que o público propuxese candidatos/as para intervir no evento. O prazo para presentar propostas foi desde o 24 de abril ao 24 de maio e a participación foi bastante boa. Despois correspondeulle á comisión organizativa seleccionar as persoas que finalmente participaron no evento.

Nos demais detalles o evento mantívose similar ás edicións anteriores, coa única diferenza de que se cambiou o día, desta vez foi un sábado, e tamén foi necesario mudar de concello e lugar: trasladámonos ao Auditorio Constante Liste da Ramallosa, Teo, e contamos coa colaboración deste concello.

Interviñeron **oito persoas** para transmitir, dun xeito breve, claro e visual –a través de charlas de entre 11 e 17 minutos–, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos. Alén disto, houbo música e humor, o que o converteu nun acto festivo e divertido.



Todo o espectáculo foi gravado en vídeo e as diferentes charlas foron difundidas individualmente pola rede a finais do mes de xaneiro, coa finalidade de dar a esas ideas a maior difusión posible.

- Participantes do LGx15 de 2019: Rosa Aneiros, Suso López, Alba Rodríguez Carrera, Xoana, Alba Mancebo, Emilio del Río, Dhaunae de Vir e Roberto Rivas.
- Presentación e música: Os da Ría Íntimos
- Data: sábado 9 de novembro de 2019
- Lugar: Auditorio Constante Liste, A Ramallosa, Teo
- Asistencia: aprox. 100 persoas
- Valoración: moi positiva en relación co desenvolvemento do acto. As charlas e actuacións foron moi ben valoradas. O número de asistentes foi menor ca os anos anteriores, mais é difícil analizar cal foi o motivo, pois houbo varios cambios simultáneos: o día de semana, o lugar, a coincidencia coa fin de semana do San Martiño...

- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego** (<https://www.agasallo.eu>)

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu, para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades etc., co fin de dar a coñecer e visibilizar creacións que usan a lingua galega e incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participar nela, pouco a pouco foi medrando o seu número e a cantidade e variedade de propostas que contén. En 2015 decidimos que a participación por parte das empresas comezase a ser gratuíta, a cambio da doazón dalgúns artigos para facer sorteos que permitan unha maior difusión da plataforma a través das redes sociais. Por outra parte, a partir dese mesmo ano pasou a ser a directiva da CTNL a encargada de incluír os produtos na plataforma e darlles difusión a través das redes sociais. Na actualidade a plataforma contén arredor de 1000 propostas diferentes dunhas 123 empresas distintas.



Durante todo o ano 2019 a plataforma estivo actualizándose de forma continuada e tivo moita presenza nas redes sociais. Mesmo se interesou por el o programa *Vivir aquí* da Televisión de Galicia para incluílo nunha emisión especial con motivo das Letras Galegas titulada “Vivo en galego” (<https://i.gal/sMNht>).

A finais de 2019 tamén retomamos os sorteos de produtos a través das redes sociais, pois hai un stock importante desde 2015 que estaba sen sortear. Isto serviu para dar máis visibilidade ao proxecto e ás empresas participantes e mesmo provocou que empresas que entraron recentemente en Agasallo enviasen novos produtos para sortear. Sorteáronse varias axendas e calendarios para 2020, un xogo, libros infantís e para público adulto, unha memoria USB, marcapáxinas e unha mochila. Os sorteos tiveron moita participación no Facebook e máis escasa no Twitter, e contribuíron a aumentar as persoas seguidoras do proxecto en ambas as redes sociais.

- **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>): primeira edición e inicio da segunda**

En 2019 tivo lugar a primeira convocatoria dos [Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#), que se crearon coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**. Os **obxectivos** dos Premios Mil Primaveras son:

- Recoñecer o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística.
- Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.
- Valorar externamente accións, proxectos ou campañas, seleccionar as mellores e sinalalas como modelos que poden ser imitados.
- Difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.



O premio contou con **seis categorías** para abranguer propostas diversas e diferentes colectivos e ámbitos sociais:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado:** escollido entre aqueles que se desenvolvesen durante, polo menos, cinco anos.
- **Premio ao mellor proxecto novo:** escollido entre aqueles nados en 2017 ou despois.
- **Premio á mellor comunicación e impacto:** escollido por acadar un grande impacto social e por supor un modelo positivo de comunicación.
- **Premio ao proxecto máis innovador:** escollido atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade:** escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.
- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial** (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.): escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

O **prazo de inscrición** estivo aberto entre **o 2 de abril e o 17 de maio** e presentáronse **47 proxectos**. Para difundir a convocatoria e favorecer a participación usouse publicidade en medios de comunicación dixitais e no Facebook, envíos de boletíns informativos a SNL, asociacións e centros educativos, contactouse coas canles de comunicación que ten a Consellería de Educación cos equipos de normalización e dinamización da lingua...

O xurado [recoñeceu seis proxectos](#), que se poden [consultar en detalle no web dos premios](#). E o 21 de setembro tivo lugar en Pontevedra o [acto de entrega](#), conducido por Lupe Blanco e Luís O Caruncho, onde se entregou ás persoas representantes dos proxectos premiados un trofeo identificativo, baseado no logo dos premios e obra de **Nahuel Pérez**.

Neste proxecto **colaborou a Deputación Provincial de Pontevedra** a través dunha liña de axudas dirixida a asociacións para desenvolver proxectos de dinamización lingüística. E especificamente **no acto de entrega colaborou tamén o Concello de Pontevedra**, que cedeu o Salón de Actos do Pazo da Cultura e todos recursos técnicos para levalo a cabo, alén de convidar os asistentes a uns petiscos para termos un encontro posterior á gala.

A **segunda edición** destes premios decidimos convocala con máis antelación, case dous meses antes, pois un dos comentarios máis repetidos que recibimos das entidades participantes foi que o fin do prazo de inscricións cadraba nunha mala época tanto para os SNL coma para os centros educativos. Daquela, **esta segunda edición ten como prazo de inscrición do 17 de febreiro ao 5 de abril**.

Nesta nova edición tamén se realizaron algunhas **melloras no web**, especialmente no formulario de inscrición, tendo en conta os comentarios das persoas que presentaron proxectos no ano anterior.

Accións organizativas e de comunicación

- Mantívose a cota dos/das socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Nas comisións e plataformas de que forma parte a CTNL fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:
 - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL)
 - Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas etc.



- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que este ano incluíu só a actividade LGx15.
- Solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a convocatoria da primeira edición dos Premios Mil Primaveras; e, para o acto de entrega dos premios, contouse tamén coa colaboración do Concello de Pontevedra.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - **Web:** mantívose actualizado o web, onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
 - **Boletín electrónico:** para mandar o boletín continúa a empregarse a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse **23 boletíns**.
 - Mantívose certa presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Sermos Galiza, Praza Pública, Nós Televisión, Galicia Confidencial, Lindeiros*), que recolleron, en xeral, a información que se lles trasladou sobre accións, campañas, solicitudes etc.
 - Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das específicas de accións e campañas concretas. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 26 de febreiro de 2020):
 - Seguidores/as FB CTNL: 5118 (+122)
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 4298 (+360)
 - Seguidores/as FB Agasallo.eu: 5891 (+1463)
 - Seguidores/as Twitter Agasallo.eu: 1975 (+238)
 - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15 451 (+118)
 - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 6346 (+30)
 - Seguidores/as FB Como cho digo ;-): 4435 (+6)
 - Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 1914 (+50)
 - Seguidores/as FB LGx15: 1993 (+173)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2020